



Consellería de Traballo e Benestar

Departamento Territorial
Ourense

www.cigservizos.org

Sección Relacións Laborais

Asunto: CC/ revisión salarial 2010

Unha vez visto o texto da acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense 2009-2010, publicado no BOP n.º 108, do 14 de maio do 2009 (código n.º 3200965) subscrita, o día 21 de xaneiro do 2009, polos membros da Comisión Paritaria do convenio integrada, dunha parte, en representación da parte económica, polos/as representantes da Asociación de Empresarios de Materiales para la Construcción -ASEMACO- e, doutra, en representación dos/as traballadores/as do sector polos/as representantes da central sindical Unión Xeral de Traballadores (UXT) que actualiza, de acordo co disposto no artigo 6.º do texto do convenio, as condicións económicas do sector para o ano 2010 e, de conformidade co disposto no artigo 90.2.º e 3.º do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo e as demais normas aplicables do dereito común, este departamento territorial acorda:

Primeiro.- Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta neste departamento



territorial (Servizo de Relacións Laborais), e notificación ás representacións empresarial e social da comisión negociadora.

Segundo.- Ordena-lo seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Unidade de Mediación, Arbitraje e Conciliación (UMAC).

Terceiro.- Dispónela súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, 2 de febreiro de 2010. O xefe territorial.

Asdo.: José Selas Souto.

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense

En Ourense, ás 16.00 horas do día 21 de xaneiro de 2010, reúnen, nos locais da Confederación Empresarial de Ourense, situada na praza das Damas n.º 1, de Ourense, as representacións social e empresarial do Convenio colectivo de comercio de materiais para a construción e saneamento de Ourense, formadas polas persoas que se citan a continuación:

Parte social: UXT

Parte empresarial: Asociación de Empresarios de Materiais para a Construción: (ASEMACO)

Manuel Lamas Carballo

Serafín Álvarez Sila

Concepción López Caride

Alfredo Abad Cid

Antonio Reverter Sánchez

Delmiro Miranda Álvarez

O obxecto da reunión é actualizar, para o segundo ano de vixencia do convenio, as condicións económicas deste, nos termos pactados no artigo 6 do vixente texto que establece que no ano 2010, o incremento será igual ó IPC real de 2009+0,50%. Logo de constatar que o IPC real do 2009, foi do 0,8%, incrementábase a táboa salarial no 1,3%, resultando as seguintes cantidades:

Táboa salarial 2010

Grupo I: enxeñeiros, licenciados e dirección:

Director xeral de empresa: 1.282,57 €

Titulado de grao superior: 1.155,14 €

Grupo II: enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados:

Xerente de empresa: 1.269,87 €

Titulado de grao medio: 1.075,25 €

Grupo III: xefes administrativos e de taller:

Xefe de departamento ou sección: 1.116,9 €

Encargado de departamento ou sección : 861,9 €

Grupo V: oficiais administrativos:

Oficial de contabilidade: 887,45 €

Oficial administrativo e informático: 861,91 €

Vendedor viaxante-axente comercial: 861,91 €

Dependente de atención ó público: 810,95 €

Grupo VII: auxiliares administrativos:

Auxiliar administrativo: 810,95 €

Axudante administrativo: 747,15 €

Grupo VIII: oficiais de 1ª e de 2ª:

Profesional de oficio de 1ª: 810,95 €

Profesional de oficio de 2ª: 760,03 €

Chofer transporte pesado 1ª: 810,95 €

Chofer transporte lixeiro 2ª: 760,03 €

Grupo IX: oficiais de 3ª e especialistas:

Mozo especializado: 760,03 €

Profesional de oficio de 3ª: 760,03 €

Limpador/a: 679,21 €

Outros conceptos económicos:

Axuda de custo completa: 35,99 €/día

Media axuda de custo: 10,28 €/día

Quilometraxe: 0,20 €/km

Plus transporte urbano: 3,09 €/por día de traballo efectivo

Sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, cando son as 16.30 horas no lugar e data expresados no encabezamento.

UXT:

Asdo.: Manuel Lamas Carballo, Concepción López Caride, Serafín Álvarez Sila.

Asociación de Empresarios de Materiais para a Construción:

Asdo.: Alfredo Abad Cid, Antonio Reverter Sánchez, Delmiro Miranda Álvarez.

